



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Concellería de Benestar Social

Bases do "Premio Solidario Cidade de Ferrol 2026"

BASES DO "PREMIO SOLIDARIO CIDADE DE FERROL" 2026

ARTIGO 1.- Obxecto e contía do premio

O Premio Solidario Cidade de Ferrol ten como obxecto principal premiar os esforzos de iniciativas e proxectos desenvolvidos no ámbito da solidariedade, a cooperación e o voluntariado, establecéndose dúas categorías:

- A primeira, cunha dotación económica anual de 6.000 euros, que premie a posta en marcha, ampliación ou continuación de proxectos solidarios e no eido do voluntariado que se desenvolvan nun contexto local, é dicir, no ámbito do Concello de Ferrol.
- A segunda, cunha dotación económica anual de 4.000 euros, que premie a posta en marcha, ampliación ou continuación de proxectos solidarios no eido da cooperación internacional e dentro do ámbito da protección dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) das persoas e colectivos máis vulnerables.

Estas dotacións económicas, imputaranse á aplicación orzamentaria 04001-2315-48000 e quedarán suxeitas á lexislación fiscal vixente polo que sobre as mesmas realizaranse as correspondentes retencións fiscais legalmente establecidas.

Este premio está recollido no Plan Estratéxico de subvencións do Concello de Ferrol para o período 2024-2026, na liña estratéxica 2 (Política Social e Inclusión) apartado 2 (LS 2.2).

Ademais da dotación económica, entregarase un distintivo solidario e o patrocinio e divulgación do proxecto.

ARTIGO 2.- Persoas /entidades candidatas

Serán consideradas como candidatas obxecto deste premio:

1. Entidades sociais, consideradas como tal as asociacións, ONG, fundacións... que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas e rexistradas no Rexistro Municipal de Entidades Cidadáns do Concello de Ferrol
- Non ter carácter lucrativo.
- Estar ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- Non estar incursoas en causas de prohibición, incapacidade ou incompatibilidade establecidas nos artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións.
- O proxecto axustarase aos obxectivos da Área de Solidariedade, Cooperación e Voluntariado.

2. Persoas físicas que cumpran os seguintes requisitos:

- Ser maior de 18 anos e estar empadroado no Concello de Ferrol
- Estar ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Non estar incursoas en causas de prohibición, incapacidade ou incompatibilidade establecidas nos artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións.
- O proxecto axustarase aos obxectivos da Área de Solidariedade, Cooperación e Voluntariado.

Cada entidade ou persoa física poderá presentar ata un total de dous proxectos, para a mesma ou distinta categoría, e valoraranse de xeito individual e independente cada un deles.

ARTIGO 3.- Presentación das candidaturas e documentación

Abrirase un prazo de presentación de candidaturas de QUINCE días hábiles, a partir da publicación da convocatoria deste premio no Boletín Oficial da Provincia a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

Támén se realizarán anuncios en medios de comunicación local e na web municipal, co fin de darlle maior difusión.

As propostas serán presentadas no Rexistro Xeral municipal (Casa do Concello praza de Armas s/n), ou a través dos procedementos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A documentación a presentar con cada proposta será a seguinte:

A.- No caso das entidades:

- 1.- Solicitude (documento anexo), cos datos da entidade .
- 2.- Certificación do número de socios/as activos/as da entidade.
- 3.- Acreditación da delegación da Presidencia (en caso de que exista) na que se especifique o alcance da dita delegación. A dita acreditación realizarase mediante acordo da Xunta Directiva, poder notarial ou calquera medio válido de acreditación en dereito.
- 4.- Certificación acreditativa da entidade do acordo da vontade de presentarse ao premio.
- 5.- Declaración responsable (documento anexo). Os gañadores deberán achegar o certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias (estatal e autonómica) e coa seguridade social.
- 6.- Fotocopia do CIF da entidade
- 7.- Certificación da inscrición no rexistro municipal (entidades).
- 8.- Síntese do/s proxecto/s, cun máximo de dúas páxina por proxecto (documento anexo).
- 9.- Proxecto (cunha extensión máxima de 25 páxinas).

B.- No caso dos particulares:

- 1.- Solicitude (documento anexo), cos datos da persoa solicitante
- 2.- Declaración responsable (documento anexo)
- 3.- Fotocopia do DNI da persoa solicitante (as súa inscrición no Padrón Municipal, comprobarase de oficio na propia administración)
- 4.- Síntese do/s proxecto/s, cun máximo de dúas páxina por proxecto
- 5.- Proxecto (cunha extensión máxima de 25 páxinas).

A entidade gañadora do Premio Solidario da edición anterior a esta non poderá presentarse como candidata nesta convocatoria aínda que formará parte do xurado.

No momento da recepción, realizarase unha primeira revisión da documentación presentada , co obxecto de comprobar que reúnen os requisitos especificados na convocatoria. Naqueles casos en que isto non ocorra, requirirase a entidade ou persoa solicitante, que faga unha emenda dela no prazo de dez días hábiles. Transcorrido o prazo sen subsanar a documentación requirida a súa candidatura non será tida en conta.

ARTIGO 4.- Procedemento de valoración e xurado

Unha vez rematado o prazo de presentación de candidaturas e emendados os posibles erros, terá lugar a constitución do xurado, que estará formado por:

- O alcalde-presidente ou persoa en quen delegue, que presidirá o xurado.
- Un/unha técnico/a municipal da Área de Benestar Social.
- Persoa representante do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
- Tres persoas representantes designadas pola Concellería de Política Social e Inclusión entre as entidades non participantes e coas que o Concello de Ferrol ten asinados convenios de colaboración .
- Un membro de cada grupo político con representación municipal.
- Un membro des entidades gañadoras do Premio Solidario do ano anterior.
- Funcionario/a da Concellería de Política Social e Inclusión que actuará como secretario/a.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de rexime xurídico do sector público.

Todos os membros do xurado terán voz e voto e participarán en igualdade na deliberación e acordo da proposta gañadora, agás o/a secretario/a.

A composición do xurado darase a coñecer con anterioridade á súa constitución na páxina web do Concello de Ferrol ([www.ferrol.es/Sede electrónico/Taboleiro de Anuncios](http://www.ferrol.es/Sede_electrónico/Taboleiro_de_Anuncios)), co obxecto de que se poidan interpoñer os recursos legais pertinentes.

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, sendo necesaria a existencia alo menos da metade dos seus membros, máis o/a presidente/a e o/a secretario/A. Para os efectos da validez da súa constitución aplicarase o disposto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

O ditame do xurado será inapelable, tendo ademais as facultades de interpretar as bases e determinar as normas do seu funcionamento, así como de declaralo deserto, de ser o caso.

O xurado resérvase o dereito de que o premio quede deserto no caso de que considere que os proxectos presentados non teñen a calidade mínima esixible. Tamén ser concedido con carácter ex aequo; neste caso, o seu importe repartirase proporcionalmente entre as persoas e/ou entidades que resultaren premiadas.

ARTIGO 5.- Criterios de valoración

Serán criterios de valoración, cun máximo de 10 puntos, os seguintes:

- Interese xeral e específico do proxecto. Valorarase o n.º de persoas beneficiarias do proxecto así como o impacto e a relevancia social deste. Puntuarase cun máximo de 2 puntos
- Carácter innovador do proxecto: Obtendo a máxima puntuación para aqueles proxectos novos e que non se teñan realizado con anterioridade no Concello de Ferrol. Puntuarase cun máximo de 2 puntos.
- Formulación formal do proxecto: seguimento, control e avaliación final. Valorarase a claridade do proxecto e os mecanismos de control establecidos. Puntuarase cun máximo de 1 punto.
- Favorecer a participación directa das persoas ou entidades beneficiarias no proxecto facendo á poboación protagonista da acción promovida. Puntuarase tamén a colaboración con outras entidades sociais que traballen dentro do Concello de Ferrol. Puntuarase cun máximo de 1 punto.
- Promover a igualdade de xénero: contribuir co proxecto á igualdade de xénero en sectores de especial relevancia económica, social e cultural. Puntuarase cun máximo de 1 punto.
- Respetar e poñer en valor o coidado do medio ambiente. Puntuarase cun máximo de 1 punto.
- Relevancia do proxecto para colectivos con dificultades específicas. Valorarase a incorporación de elementos garantes da accesibilidade (subtítulos, lingua de signos, formatos accesibles etc..) Puntuarase cun máximo de 1 punto.
- Sostibilidade económica do proxecto (capacidade de realizar o proxecto sen depender de axudas públicas) Puntuarase cun máximo de 1 punto.

A proposta do xurado, que deberá ser motivada, será elevada ao órgano competente que será, por delegación da Alcaldía, a concelleira delegada de Política Social e Inclusión para conceder o premio, e posteriormente proceder a entrega dos mesmos no lugar e data a determinar pola Concellería que convoca.

Os resultados do concurso publicaranse no Taboleiro de Anuncios Municipal, páxina web ([www.ferrol.es/Sede electrónica/Taboleiro de anuncios](http://www.ferrol.es/Sede_electrónica/Taboleiro_de_anuncios)) e na BDNS,

O acto de resolución do premio esgota a vía administrativa.

ARTIGO 6.- Entrega do premio

A entrega do premio realizarase nun acto público. Nese acto terá lugar unha breve descrición dos proxectos gañadores nas dúas modalidades.

Farase un recoñecemento público e expreso a cada unha das entidades participantes polo seu esforzo e implicación en proxectos de tipo solidario.

ARTIGO 7.- Xustificación

As entidades ou persoas gañadoras deberán presentar, no prazo máximo dun ano dende a entrega do premio, unha memoria descriptiva das accións levadas a cabo para a posta en marcha, ampliación ou continuación do proxecto obxecto deste premio, e acreditativa de que a totalidade do premio outorgado foi destinado aos fins para o que foi concedido.

A falta de presentación desta memoria ou a xustificación insuficiente das accións e gastos realizados conlevará a apertura do correspondente expediente de reintegro das cantidades percibidas.

ARTIGO 8- Difusión e publicidade

En toda documentación, información, ou propaganda do/s proxecto/s premiado/s, deberase facer constar a colaboración do Concello de Ferrol xuntamente co seu logotipo.

ARTIGO 9.- Protección de datos

Os datos subministrados teñen a finalidade de poder tramitar as bases e a convocatoria e están protexidos pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O responsable do tratamento dos datos é o Concello de Ferrol. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o consentimento que o asinante outorga ao Concello de Ferrol coa súa firma. No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, non poderá presentarse ao Premio por imposibilidade de tramitación da solicitude. O destinatario dos datos é o Concello de Ferrol que non cederá datos a terceiros salvo obriga legal. Os datos facilitados conservaranse ata a finalización da tramitación do expediente. As persoas que participen na convocatoria teñen os dereitos a acceder, rectificar ou suprimir datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Estes dereitos poderán exercerse mediante comunicación dirixida ao Concello de Ferrol (Praza de Armas, s/n, 15402 Ferrol).

ARTIGO 10.- Réxime xurídico

Atendendo á súa natureza xurídica, en todo o non previsto nestas bases, será de aplicación á normativa estatal e autonómica en materia de subvencións (Lei 38/2003 e RD 887/2006 e lei 9/2007) así como a Ordenanza de Subvencións do Concello de Ferrol (BOP 21/ 10/ 2019).

Ferrol, 17 de agosto de 2026

Rosa Martínez Beceiro

Concelleira delegada especial de Política Social e Inclusión

“PREMIO SOLIDARIO CIDADE DE FERROL” 2026**SOLICITUDE DE ENTIDADES . ANEXO I**

Don/a

DNI:

Presidente/a da entidade:

CIF:

Teléfono, enderezo a efecto de comunicacións :

correo electrónico:

SOLICITO,

Que se teña por presentada a documentación que se achega para participar en el Premio Solidario Cidade de Ferrol 2026 na modalidade de : (indicar o que proceda)

- proxectos solidarios e no eido do voluntariado
- proxectos solidarios no eido da cooperación internacional.

DECLARO,

Que son certos os datos e a documentación que se achega e que son os seguintes:

·De selo caso, acreditación da delegación da Presidencia ou persoa en quen delegue e na que se especifique o alcance da dita delegación.

- Certificación do número de socios/as activos/as da entidade
- Certificación acreditativa da entidade do acordo da vontade de presentarse ao premio.
- Copia do CIF da entidade e D.N.I do presidente/a ou o persoa na que delegue
- Declaracións (Anexo II)
- Síntese do proxecto (cun máximo de dúas páxinas)
- Proxecto cunha extensión máxima de 25 páxinas.

Ferrol,

O/A presidente/a

“PREMIO SOLIDARIO CIDADE DE FERROL” 2026**SOLICITUDE PERSOAS FÍSICAS. ANEXO I**

Don/a

DNI:

Teléfono, enderezo a efecto de comunicacións :

correo electrónico:

SOLICITO,

Que se teña por presentada a documentación que se achega para participar en el Premio Solidario Cidade de Ferrol 2026 na modalidade de : (indicar o que proceda)

- proxectos solidarios e no eido do voluntariado
- proxectos solidarios no eido da cooperación internacional.

DECLARO,

Que son certos os datos e a documentación que se achega e que son os seguintes:

- 1.- Copia do e D.N.I
- 2.- Declaracións (Anexo II)
- 3.- Síntese do proxecto (cun máximo de dúas páxinas)
- 4.-.Proxecto cunha extensión máxima de 25 páxinas.

Ferrol,

“PREMIO SOLIDARIO CIDADE DE FERROL” 2026**ANEXO II****Declaración responsable (entidades)**

D/D^a, con NIF.....,
en representación da entidade....., con CIF.....

Declaro:

- 1.- Que a entidade acepta as bases reguladoras da convocatoria deste premio.
- 2.- Que non está incurso/a en causas de prohibición, incapacidade ou incompatibilidade establecidas nos artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións.
- 3.- Que está ao día nas obrigas tributarias (de carácter estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social.(*)
- 4.-Que está inscrita no Rexistro Municipal de Entidades Cidadáns do Concello de Ferrol co número.....
- 5.- Que, no caso de recibir o premio, destinarase na súa totalidade ao proxecto presentado.
- 6.- Respecto á protección de datos, indicar o que proceda :
 - ☐ Dou o meu consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no Premio Solidario Cidade de Ferrol 2024, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
 - ☐ Non dou o meu consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no Premio Solidario Cidade de Ferrol 2024, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. (No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, lémbrese que tal e como consta nas bases, non poderá presentarse ao Premio por imposibilidade de tramitación da solicitude.)

Ferrol,de.....de 2026

(*) No suposto de resultar gañador/a deberá achegarse o certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias (estatal e autonómica) e coa seguridade social

“PREMIO SOLIDARIO CIDADE DE FERROL” 2026**ANEXO II****Declaración responsable (persoas físicas)**

D/D^a, con NIF.....,

Declaro:

- 1.- Que acepto as bases reguladoras da convocatoria deste premio.
- 2.- Que non estou incurso/a en causas de prohibición, incapacidade ou incompatibilidade establecidas nos artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións.
- 3.- Que me atopo ao día nas obrigas tributarias (de carácter estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social (*)
- 4.- Que estou empadroada/o no Concello de Ferrol
- 5.- Que, no caso de recibir o premio, destinarase na súa totalidade ao proxecto presentado.
- 6.- Respecto á protección de datos, indicar o que proceda :
 - ☐ Dou o meu consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no Premio Solidario Cidade de Ferrol 2024 de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
 - ☐ Non dou o meu consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no Premio Solidario Cidade de Ferrol 2024, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. (No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, lémbrese que tal e como consta nas bases, non poderá presentarse ao Premio por imposibilidade de tramitación da solicitude.)

Ferrol,de.....de 2026

Asdo:

(*) **No suposto de resultar** gañador/a deberá achegarse o certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias (estatal e autonómica) e coa seguridade social

2026/5525